

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 27 DE XULLO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e sete de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebrar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte. Non asiste Don Emilio José Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan ser os seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 20 de xullo de dous mil nove (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA

“Visto o expediente RIB-S-238-08, O-CD-0908/08 e O-AR-0157/08, a nome de **dona Flora Fernández Fernández**, con domicilio rúa Santiago nº15, CP.32400 na localidade de Ribadavia, relativo á subvención para actuacións á subvención para actuacións para adecuación das condicións de habitabilidade na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible situado na rúa de Santiago No.15. A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

2º.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.

“Visto o expediente RIB-S-131-02, O-CD-0140/09, a nome de **don Antonio Fernández Pérez**, con domicilio rúa Travesía da Oliveira, No. 7, 2º , Cp.32400 na localidade de Ribadavia, relativo á subvención para actuacións para adecuación das condicións de habitabilidade na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia , no inmovible sito

na rúa Travesía da Oliveira, No.7, 2º, A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 7.002,20 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 3.522,06 euros, xa que as obras foron executadas dacordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

3º.-Escrito de Particular, de dona **Montserrat Álvarez Mateo** de data 23 de xullo do 2009, nº RE 4599, relativo a vehículo perigoso dentro do casco urbano sen cumprir a normativa aplicable. Deliberado sobre o particular a Xunta do Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros dar traslado do presente acordo á Policía Local aos efectos de que proceda a investigar, porque non se procedeu ao cumprimento da normativa aplicable polo vehículo denunciado e, ase mesmo comunicar á denunciante que este tipo de actuacións non se soen producir no termo municipal con carácter habitual.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1º.- Escrito da Consellería de Medio Rural de data 20 de xullo do 2009 e con N° RE 4601, no que se lle remite ó Concello un exemplar do proxecto modificado nomeado Ancheamento e pavimentación do camiño a Sanín.

2º.-Escrito da Consellería de Traballo e Benestar Mediante que se lle concede outorgar unha subvención o Concello por un importe de 12.254, 96 euros destinado o servizo do Grupo de Apoio ás Actividades da Escola Deportiva Municipal.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1.-CONTRATO MENOR:

CONTRATO MENOR DE SERVICIOS

Dase conta por parte do Secretario da proposta presentada polo Concelleiro de Cultura Don Anxo Collarte Pérez relativo a contratación de un monitor para o servizo de ximnasia rítmica no período dun de outubro de dous mil nove ata o trinta de maio de dous mil dez, por un importe de 4.100 euros

No expediente constan os seguinte elementos:

-Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar de conformidade co art. 49 da Lei 30/2007.

-Acreditación da capacidade xurídica de acordo co art. 43 da Lei 30/2007.

-Acreditación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

-Prego de prescricións técnicas de data de 24 de xullo de 2009

-Consta informe de Intervención de data 27.07.09 no que se conclúe o seguinte:

“Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2009 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 452.227.06, existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto del expediente.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, existe consignación presupuestaria suficiente en el presupuesto municipal vigente.”

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos seus membros a aprobación dun gasto por un importe de 4.100,00 euros, e a adxudicación do contrato menor de ximnasia rítmica a dona María del Pilar Vázquez Cobelas.

2.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVADAVIA E O CLUBE FRANCELOS C.F. DE FÚTBOL PARA USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

No expediente constan os seguintes elementos:

-Concenio de Colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube Francelos C.F. de fútbol para uso de instalacións deportivas municipais de data dez de xullo de dous mil nove.

--Informe de Intervención de data 27.07.09 no que se conclúe o seguinte:

“Que en el Presupuesto General aprobado para el ejercicio 2009 por el Ayuntamiento de Ribadavia, en la partida presupuestaria 480.00 452, existe consignación suficiente para autorizar el gasto objeto del expediente.

Por todo lo expuesto, cabe concluir que, en relación con la actuación que se pretende llevar a cabo, existe consignación presupuestaria suficiente en el presupuesto municipal vigente.”

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros a celebración dun convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube de Francelos C.F. para uso de instalacións deportivas municipais, facultando ao Sr. Alcalde para á súa sinatura.

4.- APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE MONITOR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de alcaldía de data 24.07.09 relativa a aprobación dunhas bases para Monitor de Instalacións Deportivas, de conformidade coa resolución da Consellería de Traballo e Benestar de data 16 de xullo do dous mil nove

No expediente constan os seguintes elementos:

1º- Informe xurídico de data 24.07.2009 no que se fan as seguintes consideracións:

CONSIDERACIONES XURÍDICAS

1ª.- O artigo 61.7 da Lei 7/2007 establece que os sistemas selectivos do persoal laboral serán os de oposición, concurso-oposición, coas características establecidas no apartado anterior e no seu caso o concurso de valoración de meritos.

2ª.- O artigo 61 paragrafo 6º establece que respecto dos funcionarios de carreira os sistemas selectivos serán os de oposición e os de concurso-oposición, pudiéndose aplicar o sistema de concurso con carácter excepcional e só a través de norma con rango de lei.

Ambos artigos de conformidade coa disposición final primeira da citada lei teñen a consideración de lexislación básica, a decir de obrigado cumprimento para todas as Administracions Publicas.

3ª.- Por outra banda o artigo 2 do RD 896/91 establece como norma xeral de acceso a oposición salvo que pola natureza das prazas sexa mais adecuada o sistema de concurso-oposición ou concurso, a cal en calqueira caso debería ir acompañada da suficiente motivación, precepto que tamén ten carácter básico en base a disposición final 1ª do citado RD.

4ª.- Así se entendemos que o acceso ao Emprego Público debe estar guiada polos principios recollidos no artigo 103.3 da Constitución e dicir igualdade, merito e capacidade e que o artigo 61 paragrafo 6º limita o sistema de concurso a norma con rango de lei, parece que a posibilidade de que o persoal laboral acceda mediante concurso pode contrariar o art. 14 da Constitución, non obstante e mentres non haxa pronunciamentos xursiprudencial ao respecto pode utilizarse o sistema de concurso posto que así o prevé expresamente a Lei (art. 61.7 da Lei 7/2007).

5ª.- Así mesmo de conformidade coa interpretación dos art. 167 e 175 do Texto Refundido do Réxime Local mantida polo profesor Pérez Luque os postos reservados a persoal laboral serían exclusivamente os de oficios, postura que non obstante podería estar matizada pola TR 1/2008 de Función Pública de Galicia, entendendo que no caso concreto a cobertura do posto debería ser mediante funcionario polo tipo de tarefas a desenvolver aínda que ao tratarse dunha actuación subvencionada mediante orde de 16 de xaneiro de 2009 (DOG nº15 do 22 de xaneiro do 2009) e ao non presentarse un carácter permanente este tipo de actuación subvencionada parece mais oportuno optar pola figura dos laborais.

6ª.- Respecto do contido das bases partindo da ausencia de regulación expresa para a selección do persoal laboral temporal (Disposición Adicional Segunda do RD 896/91, sen perxucio da posibilidade de aplicar supletoriamente outras normas) considero cumpridos adecuadamente os principios que deben informar a selección deste persoal, isto é principios de igualdade, mérito e capacidade.

CONCLUSIÓNS

En base os argumentos esgrimidos anteriormente informase favorablemente a aprobación das bases da selección para persoal laboral temporal para profesor de carpintería.

2º.-Constan bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 24.07.2009

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus membros proceder á aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de monitor das instalacións deportivas.

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2009, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- O recoñecemento e liquidación das obrigas e polos importes que a continuación se expoñen, con imputación ás partidas correspondentes.

M^a Pilar Selas Chao, prestación de actividades extraescolares, terceiro trimestre C.P.I. Tomas de Lemos e CRA Amencer, por importe de 4.741,38 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago.

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2009.-

Dase conta da proposta de Don Anxo Collarte Pérez como Concelleiro de Cultura e Deportes do Concello de Ribadavia, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adjudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: METATARSO PRODUCCIONS S.L., o día 24 de xullo; MADRID LABERINTO XXI, ó día 24 de xullo; ABRAPALABRA, ó día 23 de xullo; TEATRO DO MAR, ó día 26 de xullo.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº5/09.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº5 /09, por importe de 48.175,15 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº6/09.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº6 /09, por importe de 548.402,40 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO